

REUNIÓN DA COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

Día: 07.06.2018 Hora: 10:30

A Comisión 4ª, Educación e Cultura, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 7 de xuño de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Comparecencia

- 1.1 30489 (10/CPC-000052)
Do Sr. secretario xeral de política lingüística, por petición propia, para informar sobre a análise das accións de fomento dos lazos culturais e lingüísticos de Galicia co mundo da lusofonía, ao abeiro da Lei 1/2014 *Publicación da iniciativa, BOPG n.º 302, do 09.05.2018*

Punto 2. Preguntas

- 2.1 28705 (10/POC-004608)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as razóns da demora do Goberno galego no traslado ao Parlamento de Galicia da información solicitada por un grupo parlamentario respecto do pazo de Meirás, da familia propietaria e da Fundación Francisco Franco
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 289, do 11.04.2018
- 2.2 29895 (10/POC-004758)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel Fermín e 3 máis
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia das actuacións que se van levar a cabo para paliar as deficiencias e carencias que presenta o Centro de Educación Primaria Altamira, de Salceda de Caselas, as súas intencións respecto da execución dalgunha actuación posterior para resolver definitivamente os problemas existentes, así como a avaliación da posibilidade de construír a medio prazo un novo centro nese concello
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 300, do 04.05.2018
- 2.3 30781 (10/POC-004872)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca
Sobre as razóns dos cambios anunciados na programación da CRTVG, en concreto no referido ao número de horas da programación infantil en galego e, en particular, do Xabarín Club, da eliminación das desconexións locais dos servizos informativos, así como os criterios seguidos para suspender a emisión do programa Diario Cultural disgregando os seus contidos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 306, do 18.05.2018



O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2018

Antonio Mouriño Villar
Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA**

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Antonio Mouriño Villar

P

Vicepresidenta

Teresa Egerique Mosquera

P

Secretaria

Luca Chao Pérez

EM

Vogais

Luis Manuel Álvarez Martínez

S

María Ángeles Antón Vilasánchez

P

María de la Concepción Burgo López

S

María de los Ángeles Cuña Bóveda

EM

César Manuel Fernández Gil

P

Carlos Gómez Salgado

P

María Isabel Novo Fariña

P

Olalla Rodil Fernández

BNG

Moisés Rodríguez Pérez

P

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 07.06.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1. Comparecencia

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 07.06.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 30489(10/CPC-000052)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do Sr. secretario xeral de política lingüística, por petición propia, para informar sobre a análise das accións de fomento dos lazos culturais e lingüísticos de Galicia co mundo da lusofonía, ao abeiro da Lei 1/2014

Publicación da iniciativa, 302, 09.05.2018



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
04 MAI. 2018
Núm. 30489

galicia
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
- 4 MAI. 2018
SAIDA
Num. 153

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 4ª, Educación e Cultura- do secretario xeral de Política Lingüística para informar sobre "a análise das accións de fomento dos lazos culturais e lingüísticos de Galicia co mundo da lusofonía, ao amparo da Lei 1/2014".

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Achivado por: GARCIA, SERGIO ANS ALVAREZ, BLANCA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 04/05/2018 10:38:01

CVE: 14407145167
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



Presidente do Parlamento de Galicia

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 07.06.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 07.06.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 28705(10/POC-004608)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as razóns da demora do Goberno galego no traslado ao Parlamento de Galicia da información solicitada por un grupo parlamentario respecto do pazo de Meirás, da familia propietaria e da Fundación Francisco Franco

Publicación da iniciativa, 289, 11.04.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/04/2018 13:37
Nº Rexistro: 28705
Data envío: 03/04/2018 13:37:46.649

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

O pasado 19 de setembro de 2017, o grupo parlamentario do BNG presentou unha solicitude de documentación ao abeiro do artigo 9 do Regulamento da Cámara.

Na citada solicitude, o BNG demandaba a seguinte documentación:

“Expedientes informativos e sancionadores tramitados pola Xunta de Galiza en relación co incumprimento do rexime de visitas ao BIC Pazo ou Torres de Meirás desde o ano 2011, así como os expedientes dos convenios asinados pola Xunta de Galiza coa propiedade deste BIC e todos os escritos enviados ou recibidos pola administración autonómica á Fundación Franco”.

Transcorridos máis de 6 meses desde a devandita solicitude, non recibimos resposta ao respecto.

Polo anteriormente exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en comisión:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/04/2018 13:37
Nº Rexistro: 28705

Data envío: 03/04/2018 13:37:46.649

Por que razón o goberno da Xunta de Galiza incumpre a súa obriga de trasladar ao Parlamento a información solicitada a respecto do Pazo de Meirás, a familia Franco e a Fundación Francisco Franco?

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 03/04/2018 13:36:14

Olalla Rodil Fernández na data 03/04/2018 13:36:18

Noa Presas Bergantiños na data 03/04/2018 13:36:22

María Montserrat Prado Cores na data 03/04/2018 13:36:26



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/04/2018 13:37
Nº Rexistro: 28705
Data envío: 03/04/2018 13:37:46.649

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/04/2018 13:36:27

Ana Pontón Mondelo na data 03/04/2018 13:36:31

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 07.06.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 29895(10/POC-004758)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e 3 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia das actuacións que se van levar a cabo para paliar as deficiencias e carencias que presenta o Centro de Educación Primaria Altamira, de Salceda de Caselas, as súas intencións respecto da execución dalgunha actuación posterior para resolver definitivamente os problemas existentes, así como a avaliación da posibilidade de construír a medio prazo un novo centro nese concello

Publicación da iniciativa, 300, 04.05.2018



Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Álvarez, Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e Concepción Burgo López, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

O concello de Salceda de Caselas é un dos que mostra un maior dinamismo demográfico da área urbana de Vigo, e polo tanto, do conxunto de Galicia. Isto fai que os servizos educativos sexan un dos elementos principais da acción política local. Esta é a razón pola que por parte deste grupo parlamentario téñense presentado, de forma reiterada, iniciativas relacionadas coa situación escolar existente no concello de Salceda de Caselas. Especialmente a necesidade de incrementar as infraestruturas educativas no CEP Altamira.

Faise necesario á hora de planificar as dotacións educativas considerar de forma clara as cifras de nenos e nenas, rapaces e rapazas, en definitiva poboación en idade escolar actual e futura existente neste concello.

As cifras publicadas polo IGE poñen de manifesto que, neste curso escolar hai neste concello máis de 700 alumnos e alumnas en idades correspondentes á educación primaria, e iso significa que o CEP (colexio de educación primaria) Altamira escolariza un elevado número de alumnos e alumnas, case 600, o que supón a necesidade de incrementar as aulas sen que se produza a ampliación do edificio, coa lóxica perda de espazos que se viñan dedicando a outras actividades docentes. Hai problemas graves na capacidade do comedor e a necesidade de dedicar espazos de aulas de actividades a aulas docentes, co que a calidade do ensino se ve afectada.

Ante esta grave situación, a Xunta de Galicia presenta unha proposta de ampliación que nós consideramos absolutamente insuficiente. Incrementar nunha planta o edificio de administración, o que supón catro aulas máis. Para o comedor a solución é aínda máis rocambolesca,



Grupo Parlamentario

trátase de deixar nun futuro os contedores provisionais que acollerán os servizos administrativos, para utilizalos como comedor escolar. Creemos que non fai falla engadir nada mais.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Considera a Xunta de Galicia que as actuacións que se van a levar a cabo no CEP Altamira de Salceda de Caselas, son suficientes para paliar as deficiencias e carencias nese centro?
2. Ante o limitado das reformas que se van a desenvolver nesta primeira fase no CEP Altamira de Salceda de Caselas, contempla a Xunta de Galicia algún tipo de actuación posterior de carácter inmediato que resolva definitivamente os problemas existentes nese centro?
3. Considera a Xunta de Galicia que se pode contemplar a posibilidade de que o servizo de comedor escolar nun centro de ensino primario na Europa Occidental na actualidade pode prestarse en contedores?
4. Avaliou a Xunta de Galicia na súa planificación a medio prazo a posibilidade de construír un novo CEP no concello de Salceda de Caselas?
5. De ter feito esa avaliación, cales foron os resultados?
6. Se non se fixo, e tendo en conta a situación demográfica do concello, non considera pertinente facela?

Pazo do Parlamento, 23 de abril de 2018

Asdo.: Abel Losada Álvarez
Patricia Vilán Lorenzo
Luís Manuel Álvarez Martínez
Concepción Burgo López
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/04/2018 17:35
Nº Rexistro: 29895
Data envío: 23/04/2018 17:35:31.314



 [Grupo Parlamentario](#)

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 23/04/2018 16:48:06

Patricia Vilán Lorenzo na data 23/04/2018 16:48:15

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 23/04/2018 16:48:21

Maria de la Concepción Burgo López na data 23/04/2018 16:48:29

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 07.06.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.3 30781(10/POC-004872)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as razóns dos cambios anunciados na programación da CRTVG, en concreto no referido ao número de horas da programación infantil en galego e, en particular, do Xabarín Club, da eliminación das desconexións locais dos servizos informativos, así como os criterios seguidos para suspender a emisión do programa Diario Cultural disgregando os seus contidos

Publicación da iniciativa, 306, 18.05.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentar de EN MAREA, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4.ª de Educación e Cultura**.

Recibimos con incredulidade e perplexidade as novas nas que se anuncian cambios na programación da CRTVG e de que varios programas culturais ían “cambiar de formato”. Entre eles deixará de emitirse o DIARIO CULTURAL que dirixe a poeta, xornalista e académica Ana Romaní.

A Radio Galega deixará de emitir o Diario Cultural. O espazo conducido con altísimo nivel por Ana Romaní, desaparece no seu formato actual e os seus contidos diluiranse noutros programas, pero sen contar coa franxa horaria propia nin a independencia coa que goza agora. Será a partir do 10 de setembro cando se confirmen estes cambios, na data na que dará comezo a programación tras o verán da nova tempada, que foi presentada este martes ao comité intercentros da CRTVG.

O que se prevé é “facer transversal” o programa e integralo noutros programas. Dende a CRTVG, deféndese que este cambio supón unha aposta pola cultura ao incrementarse as horas de emisión diaria sobre este ámbito, que pasarían de 50 minutos a 100, aínda que segregados en varias franxas e en diferentes espazos, ademais de engadir unha oferta cultural na fin de semana, cunha franxa de media hora e outra de tres cuartos que non existía. Non semella congruente “diluír” algo que está consolidado e ten recoñecemento social e premios que así o avalan.



Non se entende que un programa que é referente cultural non só polo seu alto grao de fidelización, senón que é un espazo histórico con 28 anos de emisión, dirixido con excelencia por unha profesional que pasará a ser unha traballadora máis da emisora, perdendo a coordinación dun programa emblemático que tanta falta fai á nosa Cultura. A cidadanía ten dereito a reclamar que este espazo que nos nutre e que nos fai sentir que a Radio pública cumpre o servizo necesario, plural e dá cabida a "todas as artes e propostas dos/as creadores galegos".

É inconcibible que o programa máis importante de cultura desapareza e se comunique que vai dispoñer de máis xornalistas asignados a el e vaise crear na internet unha plataforma específica do Diario Cultural que estaría xestionada por algún profesional da CRTVG, cando o congruente sería incrementar e potenciar o equipo que funciona cun altísimo nivel de produción, dirección e que atende á perfección as demandas informativas, críticas e creativas da cidadanía.

Entre os múltiples cambios que se anunciaron na programación destaca outro que está a ser moi criticado por varios dos representantes dos traballadores no comité intercentros: a supresión das desconexións locais dos servizos informativos. Segunda a CRTVG, esta información local diluirase tamén en bloques integrados dentro doutros espazos como os magazines. Para os representantes dos traballadores/as trátase dunha "manobra sen precedentes para controlar a información e manipulala para servir aos intereses do PP, a escasos meses das citas electorais.

Os argumentos da compañía para a desaparición destas desconexións locais son os dunha maior operatividade e o uso do persoal dispoñible para a elaboración de máis reportaxes. Xa que logo, as referencias horarias que os oíntes tiñan para a información local desaparecen e as novas máis relevantes de cada área ou localidade incorporaranse ao conxunto dos informativos.



“Na súa ambición por controlar os medios públicos para manterse no poder, van acabar con eles, forzando a desafección total do pobo galego”. Claro que non podemos toleralo. Non hai xustificación defendible. Neste sentido O Comité Intercentros denuncia que coa supresión desas conexións aumentará aínda máis a manipulación informativa, cuxos contidos pasarán a ser controlados e seleccionados desde a central de San Marcos, fundamentalmente polo responsable dos informativos da radio, Alejandro López Carballeira xunto a Tania Fernández Lombao, , máxima responsable de programas da emisora.

Por todo iso, EN MAREA, formula as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- Que criterios empregan para “diluír” un programa como o Diario Cultural que está fidelizado, consolidado e multipremiado?
- Por que pretender suprimir horas da programación infantil en galego, en xeral, e do Xabarín Club en particular?
- Por que suprimir as desconexións locais dos servizos informativos?
- Como xustifican a perda de referencias horarias que os oíntes tiñan para a información local?
- A que responden estes cambios tan bruscos?

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2018.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2018 17:09
Nº Rexistro: 30781
Data envío: 09/05/2018 17:09:48.498



Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 09/05/2018 17:01:20

Luca Chao Pérez na data 09/05/2018 17:01:27